

IXP CASTAÑA DE GALICIA

Instrucións para a inscrición no REXISTRO DE INDUSTRIAS DE PROCESADO

Para a inscrición no rexistro de industrias de procesado é necesario cumprimentar unha **solicitud de inscrición** e aportar unha serie de **documentación**.

No punto 3 indicase como e onde levar a cabo a **presentación da solicitud de inscrición e documentación**.

1. **Solicitud de inscrición:**

A solicitud consta dunha serie de puntos numerados do 1 ata o 3 que debe cumprimentar o solicitante, así como un cadro no que deberá asinar anotando a data e o lugar.

Os apartados que presentan fondo gris cumprimentaralos o AGACAL.

Marcarán cun X no cadro de **Inscrición** cando se trate dunha inscrición nova no rexistro correspondente ou marcarán cun X no cadro **Modificación de datos** cando se trate dunha ampliación, cambio de datos, etc, dun rexistro de industrias de procesado

Cumprimentarán o punto 1, relativo aos **Datos da razón social** anotando os datos correspondentes en cada un dos cadros. Así mesmo, deberán cumprimentar os Datos do representante cando se trate dunha sociedade ou cooperativa indicando os datos persoais do mesmo.

Cumprimentarán o punto 2, **Datos das instalacións**, anotando os datos correspondentes en cada un dos cadros:

- **Nº RIG:** número do rexistro industrial de Galicia.
- **Nº RGSEAA:** número do rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias y alimentos.
- **Comercializa castaña en fresco (si/non):** anotarán a resposta que corresponda.
- **Capacidade almacenamento en fresco (kg, m³):** indicarán os kg de castañas en fresco que poden almacenar, ou os metros cúbicos do local. Tacharán a unidade que non proceda.
- **Comercializa castaña conxelada (si/non):** anotar a resposta que corresponda.
- **Capacidade almacenamento conxelado (kg, m³):** indicarán os kg de castañas conxelada que poden almacenar, ou os metros cúbicos do local. Tacharán a unidade que non proceda.
- **Planta procesamento (si/non):** anotar a resposta que corresponda.
- **Capacidade de procesamento (kg):** indicarán os kg de castaña que poden procesar.

IXP CASTAÑA DE GALICIA

- **Procesa castañas non amparadas pola IXP (si/non):** anotarán a resposta que corresponda.
- **Outras liñas de produción:** indicar cales.
- **Localización das Instalacións:** anotarán o enderezo (Rúa, avda., Lg,...), localidade e concello onde se atopan as instalacións.
- **Título de uso:** marcarán cun X no cadro que corresponda de propiedade ou arrendamento das instalacións.

Cumprimentarán o punto 3, marcando cun X os cadros dos que aporten a documentación.

2. Relación da documentación a aportar:

- Fotocopia NIF.
- Documentación acreditativa sociedade ou cooperativa.
- Documento acreditativo do representante da razón social (no caso de tratarse dunha razón social deben aportar copia do documento que autoriza ao dito representante a actuar como tal na sociedade).
- Fotocopia do DNI representante/propietario (no caso de tratarse dunha sociedade ou cooperativa a fotocopia do DNI será a do representante, senón será a do propietario).
- Fotocopia do Título de uso das instalacións (presentarase no caso de instalacións arrendadas).
- Fotocopia do RIG (registro industrial de Galicia).
- Fotocopia do RGSEAA (registro xeral sanitario de empresas alimentarias y alimentos).
- Fotocopia planos ou esbozos de situación e planta onde se reflectan tódolos detalles significativos de construcións e instalacións.
- Memoria descritiva do proceso produtivo. Realizarase unha descrición das distintas fases do proceso produtivo (recepción, limpeza, precalibraxe e selección, así como o método de desinfección, almacenamento, procesado e envasado das castañas). Farase referencia á documentación (albarás, facturas, rexistros, documentos internos, etc.,...) onde se reflectan os datos que permitan a rastrexabilidade do produto dende a súa entrada nas instalacións ata a súa saída a granel ou envasado e etiquetado. No caso de procesar castaña non amparada pola indicación xeográfica protexida farán constar como se garante a separación efectiva entre a Castaña de Galicia e a outra. Presentarase un esquema do proceso

IXP CASTAÑA DE GALICIA

productivo (diagrama de fluxo).

3. Presentación das solicitudes, documentación e resolución de dúbidas:

- Pódense entregar en persoa ou envialos:
 - Na secretaría do Consello Regulador da IXP Castaña de Galicia ou na Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL)
 - Ou polos medios que establece o artigo 16, punto 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (BOE nº 236, de 02/10/2015)
- Para a resolución de calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición e/ou certificación contacten con:
 - Secretaría do Consello Regulador da IXP Castaña de Galicia
Rúa da Muíña, n.º 58 baixo
15703 Santiago de Compostela, A Coruña
Teléfono: **981 554 537**
Fax: **981 571 273**
Correo electrónico: ***info@castanadegalicia.org***
 - Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL)
Unidade de Protección da Calidade Diferencial
Avda. do Camiño Francés, nº10 baixo
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Teléfono: **881 997 279**
Fax: **981 546 676**
Correo electrónico: ***agacal.certificacion@xunta.gal***